

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO

A Corporación Municipal en sesión celebrada o 21 de xullo de 2015, acordou desestimar as alegacións presentadas ao acordo de aprobación inicial da ordenanza reguladora do servizo de taxi no concello de Ponteareas, polo Pleno da Corporación do 17-02-15, e aprobar definitivamente a ordenanza reguladora do servizo de taxi no concello de Ponteareas quedando elevados os acordos a definitivos, cujos textos íntegros son os seguintes:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NO CONCELLO DE PONTEAREAS

NORMAS XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto

1. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo por medio de taxi que se desenvolve no Concello de Ponteareas segundo o establecido na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

2. Considérase servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi, e que se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

ARTIGO 2. Ámbito de aplicación

A intervención da Administración municipal límitase á regulación dos taxis no Concello de Ponteareas.

Na aplicación do disposto no artigo 4 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, as licenzas de taxi unicamente habilitarán para a prestación dos servizos urbanos de taxi. A estes efectos considérase que teñen tal carácter os que transcorran íntegramente dentro do correspondente termo municipal. Para



a prestación de servizos interurbanos será preciso contar coa correspondente autorización interurbana de taxi outorgada polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

ARTIGO 3. Competencia

Para a realización de servizos de transporte público urbano de viaxeiros en vehículos de turismo, será preciso obter previamente a “licenza de taxi” municipal que habilite para a súa prestación.

O órgano competente para a aprobación do Prego de condicións e para adoptar o acordo de adxudicación da/s prazas vacantes de licenza de taxi será o Pleno.

O acto posterior de otorgamento da licenza ao seleccionado corresponderá á Alcaldía, sen perxuízo das delegacións efectuadas.

Corresponderá ao Pleno da Corporación o establecemento, modificación ou supresión dos puntos de parada.

Corresponderán ao Alcalde todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta ordenanza ou por disposicións de rango superior ao Pleno.

As licenzas de taxi habilitarán para a realización de transporte urbano cun vehículo concreto, cuxa identificación deberá figurar nas mesmas.

ARTIGO 4. Requisitos para a obtención de licenzas

Para a obtención de licenzas municipais de taxi será necesario acreditar ante o órgano competente o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou doutro país extranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b) Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquer réxime de utilización xurídicamente válido.

c) Xustificar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente.



d) Acreditar o cumprimento dos requerimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.

e) Dispor da capacitación profesional que reglamentariamente se estableza dacordo co art. 5 da Lei 4/2013.

f) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo, según o disposto na normativa vixente.

g) Outros que se establezan reglamentariamente

ARTIGO 5. Documentación a aportar coa solicitude de licenza

Para a obtención da licenza de taxi será necesaria a presentación da correspondente solicitude, acompañada de orixinal ou fotocopia cotexada dos seguinte documentos:

a) Documento nacional de identidade en vigor do solicitante ou, cando éste fose extranxeiro, documento de identificación que surta efectos equivalentes no seu país de orixe ou pasaporte, así como acreditación de atoparse en posesión do correspondente número de identificación fiscal.

b) Carné de conducir tipo B máis autorización BPT.

c) Certificación xustificativa de inexistencia de débedas co Concello, Axencia Tributaria Estatal e Autonómica e Tesourería Xeral da Seguridade Social

d) Declaración xurada de non ter sido inhabilitado/a para o exercicio da profesión de taxista.

e) Calquer outra documentación que se considere necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados na presente Ordenanza, así como os extremos declarados para a obtención de puntuación na valoración dos criterios de adxudicación.

ARTIGO 6. Outorgamento de licenzas

As licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención se efectuará mediante o procedemento coordinado de otorgamento regulado na Lei 4/2013.

O outorgamento das licenzas de taxi arbitrase conforme ás regras establecidas na presente ordenanza e virá determinado, en todo caso, pola necesidade e conveniencia do servizo a prestar ó público atendendo á caracterización da oferta e a demanda existente no ámbito territorial, así como polo mantemento da calidade do servizo e a sustentabilidade na súa explotación, consonte ó disposto polos ARTIGOS 6 e ss. da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.



As licenzas de taxi serán outorgadas por concurso público, previa convocatoria pública que garanta a libre concorrência entre as persoas interesadas, de acordo co establecido na Lei 4/2013.

Na convocatoria do concurso faranse constar os criterios de adxudicación, entre os que se valorará de modo preferente a antigüidade como condutor/a de taxi. Tamén serán obxecto de valoración a previa dedicación á profesión e que o vehículo que se pretenda adscribir sexa adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida durante o tempo mínimo que se establezca na convocatoria, no seu caso, e todo elo nos termos do ARTIGO 8 da Lei 4/2013.

Cada licenza municipal de taxi terá unha soa persoa titular e estará adscrita a un vehículo concreto.

O réxime de outorgamento, utilización, suspensión, modificación e extinción das licenzas axustarase ao disposto na presente ordenanza, na Lei 4/2013 e na restante normativa de aplicación.

ARTIGO 7. Prazo de validez das licenzas

As licenzas outorgaranse sen prazo de duración prefixado, se ben a súa validez quedará condicionada ao cumprimento das condicións e requisitos exixidos, así como ao seu visado periódico dacordo co establecido no artigo 18 da Lei 4/2013 e na presente ordenanza.

ARTIGO 8. Comprobación das condicións das licenzas

1.—O Concello de Ponteareas poderá comprobar, en todo momento, o cumprimento dos requisitos esixidos para a obtención das licenzas e a debida explotación, podendo solicitar ás persoas titulares das licenzas de taxi a documentación que xulgue pertinente para efectuar dita comprobación, e elo sen perxuízo das comprobacións que se realizasen mediante o visado periódico a que se refire o citado art. 18 da Lei 4/2013.

2.—Mediante o visado se constatará o mantemento das condicións que xustificaron o outorgamento das licenzas e dos requisitos que resultasen de obrigado cumprimento para o exercicio da actividade de taxi.

3.—Se o órgano municipal competente constatare o incumprimento de algún dos requisitos esixidos, requirirá do titular da licenza a súa subsanación inmediata procedendo, de non producirse ésta no prazo concedido ó efecto, a declarar caducada a licenza. Dita declaración adoptarase por Decreto de Alcaldía e non dará lugar a indemnización algunha a favor do titular da solicitude.



ARTIGO 9. Transmisión de licenzas

A transmisión das licenzas rexerese polo establecido no artigo 17 da Lei 4/2013.

ARTIGO 10. Habilitación para prestación do servizo

Para a realización da actividade de taxi será preciso que os titulares da licenza de taxi dispoñan da autorización interurbana de taxi nos termos da Lei 4/2013.

As persoas titulares das licenzas de taxi terán plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi e haberán de prestar o servizo persoalmente, sen perxuízo da posibilidade de poder contratar a persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación de aquelas, que deberán figurar a xornada completa e con dedicación exclusiva, todo elo sen perxuízo do disposto na disposición transitoria terceira da Lei 4/2013.

En todo caso, cada licenza de taxi non poderá ter adscritas a máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

As persoas condutoras dos vehículos adscritos ao servizo deberán estar en posesión da correspondente habilitación para a prestación do servizo, para o que terán que obter o permiso municipal de condutor expedido polo Concello de Pontearreas.

Os titulares de máis dunha licencia de taxi haberán de acreditar, ante a entidade que as otorgou, que exercen a actividade persoalmente en unha das licencias de taxi outorgadas, podendo explotar as restantes mediante personal conductor asalariado.

O número máximo de licencias de taxi por titular é de dúas.

Cando, por calquera causa, a persoa titular dunha licenza non puidera explotala por si mesma ou mediante un/unha empregado/a, deberá solicitarlle ao Concello de Pontearreas unha suspensión, por dous anos como máximo, e atendendo ás condicións establecidas no artigo 11 da Lei 4/2013.

As persoas titulares das licenzas deberán xustificar ante o Concello, cando lles sexo requirido, o cumprimento da normativa legal en materia laboral e da seguridade social das persoas asalariadas.

ARTIGO 11. Permiso municipal de persoa conductora

O permiso municipal de persoa conductora concederá o Concello, a solicitude da persoa interesada, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

— Estar en posesión do carné de conducir expedido polo Xefatura de Tráfico, coa categoría esixida polo código de circulación para conducir vehículos de servizo público.



— Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

— Declaración de non atoparse incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que lle impida contratar coa Administración pública.

A autorización que, no seu caso, se conceda quedará condicionada en canto á súa eficacia a que o empresario titular da licenza presente no Concello, dentro dos cinco días seguintes á data de formalización do oportuno contrato de traballo, fotocopia do mesmo e da alta na Seguridade Social do traballador.

O permiso municipal de conductor caducará:

— Por xubilación do titular.

— Por incapacidade ou invalidez laboral do titular para a prestación do servizo, declarada pola autoridade xudicial ou administrativa competente.

— Cando o permiso de condución da categoría esixida polo Regulamento Xeral de Conductores fora retirado definitivamente ou non renovado ó seu titular.

— Por perde-lo titular calquera dos requisitos para a súa concesión.

— Polo non exercicio da profesión durante un ano.

— Nos casos previstos na Lei de Seguridade Vial ou polas causas que estableza a lexislación vixente.

O permiso municipal de conductor poderá ser suspendido ou retirado temporalmente cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de condución da categoría esixida polo Regulamento Xeral de Conductores.

ARTIGO 12.—Extinción das licenzas de taxi

As licenzas municipais de taxi extinguiranse polas seguintes causas:

a) Renuncia da persoa titular ou falecemento de esta sen herdeiros.

b) Revogación polo órgano municipal competente, previa tramitación do correspondente expediente que requerirá en todo caso da audiencia do titular da licenza, en aplicación do artigo 12 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.



c) Procederá declarar caducadas as licenzas de taxi nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento, de non producirse o inicio do servizo no suposto de que a licenza de taxi estivese suspendida, pola falta de dedicación á actividade do seu titular cando esta fora esixible ou pola obtención, xestión ou explotación da licenza de taxi por calquer forma non prevista pola normativa de aplicación. A tramitación do procedemento requirirá igualmente audiencia das persoas interesadas.

ARTIGO 13.—Rexistro municipal de licenzas

O Concello levará un Rexistro público de licenzas de taxi concedidas, no que figuren a identificación da persoa titular, o domicilio a efectos de notificacións administrativas, o vehículo e os conductores ou conductoras adscritos aos títulos habilitantes e a súa vixencia ou suspensión, así como o número de autorización interurbana de taxi (que deberá de comunicarse ao concello unha vez obtida a mesma) e calquer outro dato ou circunstancia que se estime procedente.

DOS VEHÍCULOS

ARTIGO 14. Características dos vehículos

Os vehículos adscritos ao servizo terán unha capacidade mínima de cinco prazas e máxima de sete, incluída a da persoa condutora, e deberán dispoñer dun espazo dedicado a maiteiro totalmente independente e suficiente para transportar a equipaxe.

Excepcionalmente, atendendo as características especiais da zona, en particular cando se trate de zoas de especiais características xeográficas, de poboación ou de débil tráfico, poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas incluída a persoa condutora.

Os vehículos aos que teñan que referirse as licenzas haberán de cumprir, en todo caso, os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculados e habilitados para circular.
- b) Estar vixente a última inspección técnica periódica que legalmente lles corresponda.
- c) Ter seguro de responsabilidade civil en vigor.

Para adscribir un vehículo á licenza municipal, o titular da mesma deberá presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación en copia compulsada:

- a) Permiso de circulación do vehículo ao que se vaia referir a licenza.



b) Ficha de características técnicas do vehículo, na que conste a vixencia da inspección periódica esixible ou, no seu defecto, certificación acreditativa de tal extremo.

c) Póliza de seguro do vehículo acreditativa de ter cuberta a súa responsabilidade civil polos danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo e recibo xustificativo do pago da prima correspondente.

d) Outra que se estableza reglamentariamente.

ARTIGO 15. Imaxe

1. Para as novas licenzas outorgadas a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, e sen prexuízo do establecido no ARTIGO 27.1 da Lei 4/2013, os vehículos destinados á prestación deste servizo deberán ser de cor branca.

En todos os casos, a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, farase constar de maneira visible nas dúas portas dianteiras do vehículo o escudo do Concello de Ponteareas e a palabra PONTEAREAS, xunto co número de licenza de taxi ao que se encontre afecto, así como unha placa co dito número no interior do vehículo en lugar visible.

Asemesmo na parte traseira do vehículo farase constar o número de licenza de taxi.

Tanto os escudos como o número de licencia irán pintados ou pegados, nunca imantados.

2. Con suxección á lexislación vixente en materia de publicidade, tráfico e seguridade viaria, o Concello poderá autorizar ás persoas titulares das licenzas de taxi para colocar anuncios publicitarios no exterior dos vehículos, sempre que se conserve a súa estética, non impliquen a perda de visibilidade nin xeren perigo e respeten os requisitos de imaxe unificada dos taxis que poida establecer a Xunta de Galicia.

3. Queda prohibida toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

4. Durante a realización dos servizos regulados nesta Ordenanza deberase levar a bordo do vehículo a seguinte documentación:

- Licenza municipal de taxi e autorización interurbana de taxi referida ó vehículo.
- Permiso municipal de persoa condutora.
- Permiso de circulación do vehículo e ficha de características do mesmo.
- Permiso de conducir do conductor do vehículo.



- Documentación acreditativa das revisións obrigatorias do vehículo (na que conste en vigor a inspección técnica periódica).
- Seguros esixibles legalmente e xustificante de pago do seguro de responsabilidade civil.
- Libro/Follas de reclamacións axustadas ó disposto na normativa sobre documentos de control.
- Un exemplar da ordenanza municipal reguladora do servizo.
- Cadro de tarifas oficiais vixentes.
- Plano e rueiro da localidade.
- Talonario de facturas simplificadas (que serán expedidas a solicitude dos usuarios), para o caso excepcional de avería puntual de impresora.

Os documentos indicados deberán ser exhibidos polo conductor ós inspectores de transporte e axentes da autoridade, cando fosen requeridos para elo.

5. En todo caso, os taxis deben estar equipados tamén cun módulo luminoso exterior que sinala claramente, de acordo coa normativa técnica de aplicación, tanto a dispoñibilidade do vehículo para prestar o servizo como a tarifa que resulte aplicable e no que conste a palabra TAXI.

ARTIGO 16. Taxímetro

Os vehículos que prestan os servizos de taxi deben estar equipados cun aparato taxímetro debidamente precintado, homologado e verificado dacordo coas normas establecidas polo órgano competente e nos termos da normativa de aplicación.

O taxímetro que se instale deberá permitir en tódolos recorridos a aplicación das tarifas vixentes e estará ubicado no tercio central da parte dianteira dos vehículos, a fin de permitir a súa visualización polas persoas usuarias, tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento, de forma que en todo momento resulte posible para o viaxeiro a lectura do importe do servizo.

Os novos taxímetros que se instalen a partir da entrada en vigor da Lei 4/2013 terán que incorporar impresora de factura, segundo o artigo 41 da mesma.



ARTIGO 17. Incorporación de innovacións tecnolóxicas

O Concello de Pontearreas promoverá, en colaboración coas asociacións profesionais representativas do sector do taxi e co Consello Galego de Transportes, a progresiva implantación das innovacións tecnolóxicas precisas para mellorar as condicións de prestación e seguridade dos servizos de taxi e das persoas condutoras, a incorporación de sistemas automáticos de pagamento e facturación do servizo, sistemas de navegación, a progresiva redución das emisións sonoras dos vehículos, a potenciación de vehículos de baixa contaminación, a optimización da reciclaxe dos materiais utilizados e calquera outra innovación que se introduza no sector.

ARTIGO 18. Substitución dos vehículos afectos ás licenzas de taxi

A substitución dun vehículo por outro deberá autorizala o Concello de Pontearreas cumprindo co establecido no artigo 26 da Lei 4/2013.

O vehículo afecto a unha licenza de taxi poderá substituírse por outro, cando así o autorice o órgano municipal competente, mediante a referencia da licenza ó novo vehículo.

Só se autorizará a substitución cando o vehículo substituto cumpra os requisitos previstos nesta ordenanza e na normativa de aplicación para a prestación do servizo e sempre que o vehículo que reemplace ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.

Asolicitud de substitución do vehículo deberá de ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Permiso de circulación do vehículo ao que se vaia referir a licenza.
- b) Ficha de características técnicas do vehículo, na que conste a vixencia da inspección periódica esixible ou, no seu defecto, certificación acreditativa de tal extremo.
- c) Póliza de seguro do vehículo acreditativa de ter cuberta a súa responsabilidade civil polos danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo e recibo xustificativo do pago da prima correspondente.
- d) Outra que se estableza reglamentariamente.

A desvinculación do vehículo substituído respecto da licenza e a referencia desta ao substituído deberán ser simultáneas.



PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 19. *Exercicio da actividade*

1. As persoas que obteñan licenzas de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo de sesenta días naturais, contados desde a data de concesión das mesmas.

No caso de non poder iniciar o exercicio da actividade no prazo establecido no parágrafo anterior por causa de forza maior, o órgano municipal competente poderá outorgar unha prórroga, previa solicitude debidamente xustificada do interesado, que deberá ser realizada antes de vencer dito prazo.

2. Unha vez iniciada a prestación do servizo, os titulares de licenzas non poderán deixar de prestalo sen causa xustificada durante períodos superiores a trinta días consecutivos, ou sesenta alternos no transcurso de un ano. En todo caso se considerarán xustificadas as interrupcións do servizo durante o tempo no que a licenza se atope en situación de suspensión temporal de acordo co previsto no artigo seguinte.

ARTIGO 20. *Suspensión temporal*

Nos supostos de enfermidade, accidente, avaría do vehículo ou outra causa xustificada que impida a continuidade na prestación do servizo por un prazo superior ao establecido no apartado 2 do ARTIGO anterior, os municipios poderán autorizar a suspensión temporal da licenza, por prazo máximo de dous anos e nas condicións que se establezan polos mesmos, nos termos do artigo 11 da Lei 4/2013.

ARTIGO 21. *Contratación do servizo*

Os servizos de transporte público urbano de persoas en vehículos de turismo deberanse realizar, como regra xeral, mediante a contratación global da capacidade total do vehículo. Non obstante, regulamentariamente se poderán determinar os supostos excepcionais nos que poderá autorizarse a contratación de servizos de taxi por praza con pago individual, particularmente para atender a zoas de baixa accesibilidade e tráfico débil.

ARTIGO 22. *Tarifas*

1. O réxime tarifario aplicable ós servizos de transporte público urbano de taxi será aprobado polo Pleno do Concello previa audiencia do Consello Galego de Transportes. Dacordo co art. 40.4 da Lei 4/2013, en todo caso a aprobación das tarifas está suxeita á lexislación vixente en materia de prezos.



2. As tarifas aprobadas serán, en todo caso, de obrigada observancia para os titulares das licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi, para os condutores dos vehículos e para as persoas usuarias.

En ningún caso, calquera que sexa o servizo realizado, poderase esixir o pago de suplementos que non estén contemplados no cadro tarifario vixente.

As tarifas aplicables serán visibles para a persoa usuaria dende o interior do vehículo, con indicación dos suplementos e tarifas especiais que procedese aplicar en determinados servizos.

ARTIGO 23. Paradas. Concertación na vía pública

1. O municipio, previa audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias, poderá establecer, modificar ou suprimir puntos específicos de parada, nos que os vehículos taxi poderán estacionar á espera de pasaxeiros. Poderase igualmente determinar o número máximo de vehículos que podan concorrer simultaneamente a cada punto de parada e a forma na que deben estacionar.

2. Os vehículos en circulación non poderán tomar viaxeiros a menos de 50 metros dos puntos de parada establecidos, salvo para persoas de mobilidade reducida cando solicítasen un taxi adaptado.

ARTIGO 24. Obrigatoriedade de determinados servizos

Previo informe das asociacións representativas dos titulares de licenzas e dos usuarios e consumidores con implantación no territorio, poderase establecer a obriga de prestar servizos en certas áreas, zonas ou paradas de xeito permanente ou a determinadas horas do día, debendo neste suposto fixar as oportunas regras de coordinación entre os titulares de licenzas de acordo con criterios de equidade, que permitan asegurar a efectiva prestación de tales servizos.

Dacordo co art 38 da Lei 4/2013, o concello establecerá as disposicións oportunas para garantir a existencia de vehículos de taxi adaptados para transportar a persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas, de conformidade co establecido pola legislación vixente.

ARTIGO 25. Ordenación do servizo

O Concello poderá regular, con suxección á lexislación laboral e da Seguridade Social aplicable, e oídas as asociacións representativas do sector e o Consello Galego de Transportes, o réxime de horarios, calendarios, descansos, interrupcións da prestación do



servizo e vacacións das persoas titulares das licenzas de taxi e das persoas conductoras, procurando que exista unha continuidade do servizo e tendo en conta a regulación convinte da súa oferta.

ARTIGO 26. Itinerario do servizo e outras condicións de prestación do servizo

1. As persoas conductoras están obrigadas a seguir o traxecto máis directo para chegar ao destino indicado polo viaxeiro, salvo que o viaxeiro exprese a súa vontade de utilizar outro distinto.

Non obstante, en aqueles casos nos que por interrupcións do tráfico ou outras causas non sexa posible ou convinte seguir o itinerario máis directo ou o indicado polo usuario, poderá o conductor elixir outro alternativo, poñéndoo previamente en coñecemento daquel, que deberá manifestar a súa conformidade.

2. A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando sexa solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas, ou cando concorran circunstancias especiais de risco para a seguridade ou a integridade físicas das persoas ou do vehículo.

3. Para a prestación do servizo os vehículos situaranse por orde de chegada nas paradas de estacionamento determinadas polo Concello.

Os vehículos non poderán permanecer nas paradas sen o seu condutor/a.

As paradas estarán debidamente sinalizadas e rotuladas polo Concello. Cando os/as usuarios/as acudan a parada para solicitar o servizo deberán dirixirse ao vehículo situado en primeiro lugar respectando a orde de chegada.

4. Os/as usuarios/as poderán solicitar o servizo a través dun sistema tecnolóxico de comunicación, sen necesidade de acudir á parada. Neste caso, o servizo considerarase iniciado no lugar e no momento en que o vehículo recibe o encargo de prestar o servizo, a reservas do que poida resultar do desenvolvemento regulamentario sinalado no art. 32.2 da Lei 4/2013. En todo caso, no momento da recollida efectiva da persoa usuaria, o importe máximo do taxímetro non poderá superar o importe correspondente ó mínimo establecido para o inicio do servizo, cumprindo co establecido no artigo 32 da Lei 4/2013.

5. Os conductores observarán, en calquer caso, un comportamento correcto con cantas persoas soliciten o seu servizo, debendo axudar a subir e baixar do vehículo ós viaxeiros que o necesiten por razóns de idade, minusvalías ou estado de saúde.



6. Os conductores cuidarán o seu aspecto persoal e vestirán axeitadamente durante o horario de prestación do servizo, debendo respectar as regras que ó respecto estableza, no seu caso, o desenvolvemento da presente Ordenanza municipal. Queda prohibido o uso de roupa e calzado deportivo ou de baño, así como pantalóns cortos e camisolas de tirantes.

7. Os titulares de licenzas de taxi manterán as condicións de limpeza e bo estado dos vehículos, tanto interior como exterior, que aseguren unha correcta prestación do servizo.

8. Os conductores, ó finalizar cada servizo, revisarán o interior do vehículo co obxecto de comprobar se o usuario olvidou algunha das súas pertencencias no mesmo. De ser así, se pode a devolverá no acto; en caso contrario deberá depositala nas oficinas da Policía Local do Concello, no prazo máximo de 48 horas seguintes ó achado.

9. Asemesmo os conductores deberán respetar e admitir o uso do dereito de cooficialidade das linguas castelá e galega que fagan os usuarios nas indicacións necesarias para o cumprimento do servizo.

ARTIGO 27. Equipaxe

Os conductores aceptarán que os viaxeiros transporten consigo maletas ou outros bultos de equipaxe normal, sempre que quepan na baca ou portamaletas do vehículo, non o deteriorenen e non infrinxan con elo disposicións en vigor.

ARTIGO 28. Prohibición de fumar

Consonte establece o artigo 7. ñ) da Lei 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ó tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, está prohibido fumar no interior do vehículo.

ARTIGO 29. Abandono transitorio do vehículo

Cando os viaxeiros abandonen transitoriamente o vehículo e o conductor deba esperar o seu regreso, éste poderá recabar o pago do recorrido efectuado e, adicionalmente, a título de garantía, o importe correspondente a media hora de espera, si ésta se produce en área urbanizada, ou a unha hora se a espera se solicita nun descampado. Agotado este tempo, o conductor poderá considerarse desvinculado de continuar o servizo.

Se a espera deber producirse en lugares con estacionamento de duración limitada, o conductor poderá reclamar o importe do servizo efectuado, sen obriga de continuar a prestación.



ARTIGO 30. Cambio de moeda

Os condutores están obrigados a proporcionar ó usuario cambio de moeda ata a cantidade de 50 euros. Se tivera que abandonar o vehículo para obter moeda fraccionaria en contía inferior a dito importe, procederán a interromper provisionalmente o cómputo do taxímetro.

ARTIGO 31. Accidentes ou avarías

No caso de accidente, avaría ou calquer imprevisto que faga imposible a continuación do servizo, o viaxeiro, que poderá pedir a intervención dun axente da autoridade que constate o sucedido, deberá aboar o importe do servizo ata ese momento, descontada do mesmo a contía correspondente a inicio do servizo, no seu caso. O conductor deberá solicitar e pór a disposición do usuario outro vehículo taxi, que comezará a computar o importe do servizo dende o lugar donde se accidentou ou averiou o primeiro.

ARTIGO 32. Ordenación do servizo

1. As quendas de traballo establecidas polo Concello serán de obrigado cumprimento.
2. Os vehículos prestarán servizo un mínimo de oito horas diarias.
3. O período de vacacións anual será de 30 días naturais.
4. De forma correlativa, 10 licenzas, en períodos semanais, estarán obrigadas a comenzo servizo ás 06.00 horas e, do mesmo xeito, outras 10 licenzas realizarán o servizo entre as 13.00 e as 15.00 horas.

ARTIGO 33. Servizo nocturno

1. O servizo nocturno de garda comenará as 22.00 horas e rematará ás 06.00 horas do día seguinte.
2. Este servizo prestarase diariamente por quendas rotativas con un mínimo de dous vehículos adscritos ás correspondentes licenzas. A determinación das licenzas que deban de presta-lo servizo realizarase correlativamente, comenzando pola licenza nº 1 e rematando pola última.
3. Na parada de servizo nocturno non se poderán recoller viaxeiros por vehículos distintos ós adscritos ás licenzas ás que lle corresponda a quenda de garda, e prohíbese o estacionamento e realización de servizos dende as paradas oficiais a partir das 22:00 horas, agás venres pola noite, festivos e vésperas de festivos.
4. A Alcaldía determinará en qué parada das que se establezan se prestará o servizo nocturno.



*INFRACCIÓNS, SANCIÓN S E PROCEDEMENTO SANCIONADOR**ARTIGO 34. Infracción s e sanción s e responsabilidade*

As infracción s das normas reguladoras dos servizos de transporte urbano en vehículos de turismo se clasifican e se sancionan de acordo co réxime sancionador recollido na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

A responsabilidade administrativa polos infracción s das normas reguladoras do transporte de persoas en vehículos de turismo corresponderá ás persoas sinaladas no art. 58 da Lei 4/2013, nos seus termos.

ARTIGO 35. Procedemento sancionador

1. A competencia para a imposición das sanción s a que se refire a presente ordenanza respecto á prestación dos servizos urbanos de taxi corresponderá ao Alcalde.

2. O procedemento sancionador iniciarase de oficio ou a instancia de parte, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administración s públicas e do procedemento administrativo común, así como na normativa procedimental sancionadora que se dicte en materia de transportes, e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real decreto 1398/1993, de 4 de agosto.

3. O pago das sanción s pecuniarias impostas por resolución que poña fin á vía administrativa, será requisito necesario para que proceda a realización do visado obligatorio así como a autorización administrativa á transmisión das licenzas de taxi.

4. Así mesmo, a realización de dito pago de sanción s será requisito esixible para que proceda a autorización administrativa á transferencia dos vehículos.

Disposición transitoria primeira

As licenzas municipais de taxi existentes á entrada en vigor desta Ordenanza conservarán a súa validez.

Disposición derogatoria

Queda derogada a "Ordenanza municipal dos servizos urbáns de transportes en automóbiles lixeiros de Pontearreas" aprobada definitivamente en sesión plenaria do 2/11/2005, así como calquera disposición xeral, resolución ou bando da Alcaldía de data anterior que contraveña a presente Ordenanza.



Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado íntegramente o su texto no BOP e así que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I LOCALIZACIÓN DE PARADAS

- RÚA DARÍO BUGALLAL
- PRAZA DE BUGALLAL
- RÚA FERNÁNDEZ DE LA VEGA
- ESTACIÓN DE AUTOBUSES
- AMBULATORIO

Se respetarán os dereitos adquiridos con anterioridade.

ANEXO II TARIFAS

No momento da entrada en vigor da presente ordenanza, as tarifas vixentes serán as que de seguido se detaian:

— ACLARACIÓN DE CONCEPTOS NA TARIFA

A. Aplicación tarifa festiva nos días 24 e 31 de Diciembre: Se recoñecen a efectos de aplicación de tarifa festiva, os días 24 e 31 de decembro as 24 horas.

B. Percepción Mínima: Establécese unha percepción mínima, o taxímetro comezará a computar ao percorrer 1.500 metros ou transcorrer o tempo equivalente (cinco minutos) tras o comezo do servizo, o que antes suceda.

A contía mínima inclúe un recorrido de 1.500 metros, ou o tempo que resulte equivalente. A motivación se basa en que a maioría dos servizos son de ámbito urbano, de escaso recorrido e, unha vez terminado un servizo deste tipo, o profesional regresa á parada na que ocupará o lugar na cola que lle corresponda, debendo esperar unha media de 3 ou 4 horas para poder salir, polo escaso volume de traballo e a saturación dos situados de parada deste servizo.



Por elo é necesario garantir unha percepción mínima, que asegure que non exista perda económica para o profesional que presta o servizo, en base ao art 40.1 da Lei 4/2013 de 30 de Maio.

C. Bultos ou Maletas: O porte deste tipo de equipaxes, por uso de maleteiro, implica que o profesional debe axudar a colocar os bultos coa conseguinte perda de tempo, e uso e desgaste de dito habitáculo, considerando que o traslado de certas mercancías ou produtos pueden danar inevitablemente dito compartimento ou ensuciario. Este suplemento se recoñece en todas as tarifas de aplicación mediante taxímetro e representa un leve importe cuxa finalidade é compensar as esperas no momento da carga ou descarga do mesmos, tendo en conta que o taxímetro non se activa ata que se coñece o destino, e que no caso de descarga o profesional lle cobra ao cliente antes de descargar os bultos en cuestión. Quedan exentos do abono deste suplemento as cadeiras de minusválidos e as cadeiras de nenos.

D. Traslado de mascotas (cans): Este suplemento se establece considerando os danos que este tipo de traslados poden ocasionar ao vehículo, así como, en ocasións ao olor que poden deixar no vehículo unha vez abandonado o mesmo.

Quedan exentos de este suplemento, os cans lazarillos

E. Días de Corpus Christi, (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas): Se establece este suplemento para os servizos que se prestan o Sábado e Domingo de celebracións do Corpus Christi, motivado nas dificultades de circulación que se producen neses días, debido aos cortes en diversas rúas do centro urbano e a afluencia de visitantes, que dificultan a prestación do servizo.

F. Días 25 de Decembro e 01 de Xaneiro (dende as 00:00 h ata as 10:00 h): Se establece este suplemento a aplicar nos servizos prestados dende as 00:00 ata as 10:00 horas dos días 25 de Decembro e 01 de Xaneiro, como prima aos profesionais que en ditas datas tan sinaladas prestan servizos ao cidadán, deixando de lado a vida privada e o ocio, facilitando así os traslados.

— **TARIFAS:**

TARIFA DIURNA: Aplicable en días laborables de 6 a 22 horas

TARIFA NOCTURNA: Aplicable en días laborables de 22 a 6 horas, sábados dende as 15 horas, domingos, festivos (locais e autonómicos), 24 e 31 de Decembro.



IMPORTE DA TARIFA SEN IVE E INCREMENTOS			
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIURNA	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima (Inclúe recorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente)	3,00	0,30	3,30
Km. Recorrido	0,91	0,09	1,00
Hora De Espera	14,73	1,47	16,20
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA / FESTIVOS	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Percepción Mínima (Inclúe recorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente)	3,60	0,36	3,96
Km. Recorrido	1,09	0,11	1,20
Hora De Espera	17,67	1,77	19,44
SUPLEMENTOS	BASE IMPOÑIBLE	IVE (10%)	IMPORTE TOTAL
Bultos ou Maletas (Excepto cadeiras de minusválidos e cadeiras de	0,55	0,05	0,60
Traslado de mascotas (Excepto cans lazarilo)	0,91	0,09	1,00
Corpus Christie (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas)	1,82	0,18	2,00
25 Decembro e 1 de Xaneiro, (dende las 00:00 h ata as 10:00)	1,82	0,18	2,00



TARIFA CO 10% DE IVE INCLUIDO

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA DIURNA	IMPORTE
Percepción Mínima (Inclúe recorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente)	3,30
Km. Recorrido	1,00
Hora De Espera	16,20
CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA NOCTURNA	IMPORTE
Percepción Mínima (Inclúe recorrido de 1.500 metros ou tempo equivalente)	3,96
Km. Recorrido	1,20
Hora De Espera	19,44
SUPLEMENTOS	IMPORTE
Bultos ou Maletas (Excepto cadeiras de minusválidos e cadeiras de nenos)	0,60
Traslado de mascotas (Excepto cans lazarilo)	1,00
Corpus Christie (Sábado e Domingo de celebracións Corpus Christie, as 24 horas)	2,00
25 Decembro e 1 de Xaneiro, (dende as 00:00 h ata as 10:00)	2,00

R E C U R S O S

Contra as presentes disposicións xerais os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 28 de xullo do 2015.—O Alcalde, Xosé Represas Giráldez.

